



Código do documento	Código do expediente
UPO16I00PU	UPO/2021/41
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5U66 626U 6006 075A 0SBM	

MFV

ANUNCIO

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal do día 22.04.2022, resolveuse o seguinte:

“Declarar deserta a praza de traballador/a social convocada e polo tanto declarar deserta a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de traballador/a social de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición aprobada en Xunta de Goberno local o día vinte e seis de xullo de dous mil vinte e un.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Culleredo, o día da sinatura dixital

A concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal



FIGUEROA FUENTES, MARTA
MARIA
Concelleira delegada de seguridade
cidadá e persoal
25/04/2022 10:40